



MOCIÓN PARA O APOIO MUNICIPAL Á FEIRA DO LIBRO QUE DESDE HAI 35 ANOS SE VÉN CELEBRANDO NA ALAMEDA

Ao abeiro do artigo 85 do Regulamento Orgánico Municipal, O Grupo Municipal Popular presenta para a súa inclusión no Pleno a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS


Desde hai 35 anos véñse celebrando na Alameda da nosa cidade a Feira do Libro que organiza a Federación de Libreiros de Galicia (FLG) durante algo máis dunha semana entre finais de abril e a primeira quincena de maio.

A Feira contou desde os seus inicios co apoio entusiasta do Concello que se traduciu en facilidades para a súa celebración e unha estreita colaboración, tanto loxística como económica, sendo conscientes os distintos gobernos do seu importante papel cultural e da súa vinculación coa histórica tradición editorial e literaria da cidade.

A continuidade da Feira mantívose en cuestión durante varias semanas no pasado ano, cando o Goberno de Compostela Aberta decidiu retirarlle a subvención nominativa que se lle viña concedendo á FLG esgrimindo como principal argumento o diagnóstico propio e singular de que “o modelo da Feira vén amosando síntomas de esgotamento” e que o modelo “pode ser revisado”. Sorprende esta valoración do Concello cando unha semana antes o alcalde tiña viaxado á Arxentina para participar na Feira do Libro do país austral, na que Santiago de Compostela era a cidade invitada.

Ante a presión, entre outros deste Grupo, é o Concello quen “revisa” a súa postura e ofrece a actuación da Banda Municipal para a inauguración da Feira e, no canto de concederlle a axuda económica como noutros anos, remite á FLG á optar a unha subvención competitiva convocada polo departamento de Acción Cultural, sabendo que esta alternativa era inviable, porque este tipo de axudas están dirixidas a empresas privadas mentres que a FLG é unha asociación sen ánimo de lucro.

Tendo en conta este nefasto antecedente que puxo en perigo a Feira do Libro do ano pasado, tendo en conta tamén noticias de que o Goberno lle vén dando “largas” ás peticións de atención e apoio que lle chegan en torno desta cita e co convencemento de que unha Feira do Libro é unha actividade de interese público aquí tanto ou máis que en calquera lugar do na fin do mundo, o Grupo Municipal Popular proponlle ao Pleno do Concello a adopción do seguinte



ACORDO:

O Grupo Municipal Popular insta ao correspondente órgano de Goberno municipal a impulsar de forma decidida a colaboración coa Federación de Libreiros de Galicia, en particular no aspecto económico, para garantir a tradicional celebración da Feira do Libro na Alameda de Santiago, entre os meses de abril e maio, coincidindo coas Festas da Ascensión; así como coa Feira do Libro Usado e de Ocasión, tal e como ao longo dos anos veu facendo a Administración Municipal

Santiago a 30 de xaneiro de 2017

A handwritten signature in black ink, appearing to read 'María Ángeles Antón Vilasánchez', written over a faint horizontal line.

María Ángeles Antón Vilasánchez
Concelleira do Grupo Municipal Popular